



**BASES DA CONVOCATORIA PARA A
CONTRATACIÓN DE PERSOAL DA ASOCIACIÓN
PARA O DESARROLLO RURAL DA COMARCA DE
LUGO**

**GDR-04
PROGRAMA LEADER GALICIA 2014-2020**

I.- ANTECEDENTES

A Asociación para o Desarrollo Rural da Comarca de Lugo (en adiante, ADR COMARCA DE LUGO) constitúese no ano 2016 coa finalidade de promover e sostener o Desenvolvemento rural/local no ámbito de actuación da Asociación – municipios de Castroverde, O Corgo, Friol, Guntín de Pallares, Lugo, Outeiro de Rei e Rábade-.

A ADR COMARCA DE LUGO, presentou ante a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) a súa Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa, para a selección e recoñecemento como entidade colaboradora na xestión da medida LEADER de Galicia 2014-2020, resultando seleccionada segundo acordo do Consello de Dirección de AGADER, do 16 de novembro de 2016. Na citada Estratexia presentada por ADR concretamente, no apartado “*V.II. Contratación de persoal .contarase en todo momento co persoal necesario para a xestión do Programa ... a Xunta Directiva determinará o persoal necesario para a xestión... o procedemento de contratación de persoal poderase realizar pola propia asociación ...*”

O 4 de Maio de 2021, reunida a Xunta Directiva da ADR COMARCA DE LUGO, acordou convocar un procedemento de selección para cubrir unha praza de persoal técnico para o equipo xestor do GDR, en relación á aplicación da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa do GDR, para o período de programación 2014- 2020 da Medida Leader do FEADER. Así mesmo, acordou por unanimidade aprobar o texto das Bases que rexerán o proceso de selección e a designación da Comisión de Selección que guiará este proceso, facultando á mesma para a interpretación das bases.

Segundo o exposto, a Xunta Directiva da ADR COMARCA DE LUGO (GDR-04), acordou convocar un proceso de selección para cubrir un posto de traballo de TÉCNICO/A, de conformidade coas seguintes

II.- BASES

PREVIA: Estas bases foron redactadas de acordo ao establecido na instrución 1/2016, de 26 de agosto de 2016, sobre o procedemento de selección do equipo xestor dos Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) na medida LEADER do PDR de Galicia 2014- 2020, mediante o Convenio de colaboración entre a AGADER e os GDR para a aplicación dunha estratexia de desenvolvemento local no marco do Programa LEADER Galicia2014-2020, cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

BASE 1: OBXECTO DA CONVOCATORIA

A presente convocatoria ten por obxecto fixar as bases que rexerán a selección dun posto de traballo como **TÉCNICO/A** dentro do marco da Medida Leader do PDR de Galicia, para a ADR COMARCA DE LUGO.

O réxime de contratación será laboral mediante a modalidade de contratación de duración determinada por obra ou servizo segundo o disposto no artigo 15.1º do RD lexislativo 2/2015 de 23 de outubro e do RD 2720/1998. O tipo de contrato será “por obra ou servizo determinado”, vinculado á xestión de fondos obtidos na execución da MEDIDA LEADER pola ADR COMARCA DE LUGO e á duración dende a data na que se contrate ata o final daxestión da Medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020.

BASE 2: DESCRICIÓN DO POSTO E REQUISITOS

As características do posto de “TÉCNICO/A” que se oferta, titulación, requisitos, retribución anual e funcións son as seguintes:

Titulación mínima requerida: Diplomatura, enxeñaría ou arquitectura técnica, ou equivalente.

Retribución: 20.000 € brutos anuais, que se distribuirán en 14 pagas.

Duración: O contrato por obra ou servizo determinado terá a duración da Medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020, cun período de proba de 6 meses.

Centro de Traballo: C/ Diputación 14. 27220 Friol - Lugo.

Funcións a realizar:

- Executar as decisións adoptadas pola Presidencia, a Asemblea Xeral e/ou a Xunta Directiva do GDR e seguir as directrices da Xerencia.
- Asistencia técnica e informativa á Xerencia con carácter previo ou durante as reunións da Xunta Directiva e/ou da Asemblea Xeral do GDR.
- Informar sobre cuestións de carácter técnico que sirvan de fundamento para a proposta e adopción de decisións por parte do GDR.
- Elaboración dun informe anual de avaliación e seguimento da posta en práctica da estratexia de desenvolvemento local. Colaboración na elaboración de informes periódicos que se teñan que remitir a AGADER.
- Prestar apoio e colaborar coa Xerencia na mobilización, animación e dinamización do territorio para alcanzar maior participación da comunidade local e o fomento de

proxectos que posibiliten alcanzar o cumprimento dos compromisos orzamentarios de cada anualidade do GDR.

- Prestar apoio á coordinación das mesas sectoriais e de reunións con colectivos determinados e con axentes dinamizadores do programa de desenvolvemento no territorio.
- Prestar apoio á Xerencia no asesoramento aos posibles beneficiarios das axudas da estratexia de desenvolvemento local sobre a adecuación do seu proxecto ás esixencias de aquelas, así como sobre a posibilidade de acceder a outro tipo de axudas ao marxe das previstas nela.
- Prestar apoio e colaborar coa Xerencia na información e asesoramento aos promotores dos proxectos Leader durante todo o proceso de tramitación da axuda Leader, tanto para a correcta presentación da documentación como na posterior execución e xustificación das inversións aprobadas.
- Apoiar á Xerencia na inspección, seguimento e control da execución dos proxectos seleccionados.
- Tramitar os expedientes de tipo administrativo, emitindo informes, certificacións, actas e outros documentos de carácter técnico esixidos no procedemento.
- Elaboración do Informe de Control de Elixibilidade de cada proxecto para a súa posterior ratificación por parte do Xerente do GDR.
- Colaborar coas estruturas de desenvolvemento das Administracións Locais, Autonómicas, Estatais e no seu caso, comunitarias.
- Manter unha relación fluída e continuada coa AGADER
- Executar, en coordinación coa Xerencia, o plan de difusión da Medida Leader do GDR 04. Colaborar coa xerencia, nas labores de mobilización, animación e dinamización do territorio.
- Aplicar no desenvolvemento das súas tarefas os principios de obxectividade, publicidade, imparcialidade e libre concorrencia na xestión do programa Leader.
- Participar activamente, nos foros de debate sobre o desenvolvemento rural nos que se solicite a participación do GDR.
- Participar nas redes de desenvolvemento rural provinciais, autonómicas, estatais ou europeas nas que se integre o GDR.
- Asistencia a xornadas de formación e información, relacionadas coa execución dos programas.
- Colaborar coa xerencia nas labores de carácter técnico ou de apoio, que se lle encomenden.
- Realizar a xestión técnico-administrativa e contable, baixo a supervisión e colaboración da xerencia.
- Aquellas outras que lle puidera encomendar a Xerencia en cumprimento do convenio subscrito entre o GDR e AGADER.

Requisitos mínimos:

- Ser español/a ou natural dun Estado membro da Comunidade Europea ou de algúun estado no que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

- Ter cumpridos 18 anos e non ter acadado a idade de xubilación.
- Estar en posesión do permiso de conducir B e dispor de vehículo propio para facer desprazamentos.
- Titulación mínima requirida: Diplomatura, enxeñaría ou arquitectura técnica, ou equivalente).
- Non desenvolver cargos electos na ADR COMARCA DE LUGO.
- Non padecer enfermidade ou secuela física que lle impida desempeñar as correspondentes funcións.
- Non estar incurso en causas de incompatibilidade aplicables ao persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Dispoñer e comunicar unha dirección de correo electrónico a efectos de comunicacións.

BASE 3: PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA

O anuncio do proceso selectivo e a convocatoria divulgarase polos seguintes medios:

- a) A convocatoria e as Bases expoñeranse no taboleiro de Anuncios da ADR COMARCA DE LUGO (sede C/ Diputación 14- 27220 Friol- Lugo).
- b) Procederase á publicación na páxina web de ADR COMARCA DE LUGO, www.comarcadelugo.gal
- c) Remitirase a AGADER comunicación do anuncio da convocatoria e das súas bases para a súa publicación na páxina web de AGADER www.agader.xunta.es
- d) Publicación do anuncio da convocatoria na edición escrita do periódico de maior tirada da provincia de Lugo (El Progreso).

As Bases da Convocatoria poderán recollerse en:

- Sede da ADR COMARCA DE LUGO (C/ Diputación 14- 27220 Friol- Lugo).

Igualmente, poderase acceder ás Bases e descargalas:

- Na páxina web de ADR COMARCA DE LUGO www.comarcadelugo.gal
- Na páxina web da AGADER www.agader.xunta.es

En todos os lugares onde se publique a oferta ou anuncio de contratación, farase constar onde se poderán recoller as bases da convocatoria.

Así mesmo, habilitarase unha conta de correo electrónico info@comarcadelugo.gal para solicitar información adicional, resolver incidencias que poidan xurdir durante o proceso de solicitude e facilitar o envío de comunicacóns.

BASE 4: PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes deberán ir dirixidas á ADR COMARCA DE LUGO, e poderanse presentar na sede da Asociación, sita en Rúa Diputación 14- 27220 Friol- Lugo-, de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas. Presentada ou recibida a solicitude, selaranse con data de rexistro de entrada.

Tamén poderán ser presentadas a través do seu envío por correo postal certificado e con acuse de recibo dirixida á atención da Comisión de Selección da ADR COMARCA DE LUGO, e identificando: Proceso de Selección ADR COMARCA DE LUGO: “TÉCNICO/A”.

No caso de envío por correo postal, o aspirante deberá xustificar a súa remisión remitindo a solicitude -antes das 23:59 horas do último día de prazo de presentación-, por correo electrónico a info@comarcadelugo.gal (á que haberá que xuntar o resgado selado da data de imposición do envío na Oficina de Correos, así como a documentación sinalada coas letras a), b), c), d), e) e f) do apartado de documentación que se indica a continuación).

Unha vez cumplimentada correctamente a notificación e enviada, o solicitante recibe unha comunicación de recepción na dirección de correo electrónico que designe ao efecto.

Aos efectos de cómputo do prazo para presentar a solicitude e admisión, tomarase como data a que conste no selo de Registro de Entrada na sede da Asociación ou na Oficina de Correos.

Prazo

O prazo para a presentación da solicitude e documentación acreditativa iniciarase ao día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo en prensa (EL PROGRESO), e permanecerá aberto un período de 20 días naturais.

Transcorrido este prazo, non se admitirá ningunha solicitude.

Documentación que presentaran os candidatos:

- a) Instancia ou solicitude para participar na convocatoria segundo o ANEXO I destas Bases.
- b) ANEXO II Modelo de declaración de non incompatibilidade co cargo.
- c) ANEXO III Modelo de declaración e compromiso de dispoñibilidade.
- d) Fotocopia do DNI.

- e) Currículo vitae.
- f) Copia do documento oficial acreditativo de estar en posesión da titulación requerida para o posto.
- g) Copia de toda aquela documentación acreditativa de todos os coñecementos, méritos e a experiencia profesional que queiran alegarse na fase de valoración de méritos.

****Notas aclaratorias:**

- En relación á formación que se acredeite, únicamente será puntuable aquela que está impartida por algún organismo público oficial ou por algúna entidade de natureza privada que conste con recoñecemento da Administración para impartir formación.
- No referente á acreditación da experiencia profesional, o candidato deberá presentar:
 - Informe de vida laboral (acreditativo do período de permanencia na entidade ou empresa).
 - Certificado da entidade ou entidades, no que se mencione expresamente o posto desempeñado e as funcións realizadas.
- En relación aos idiomas puntuaranse so os certificados oficiais especificados e as estancias laborais ou de voluntariado acreditadas por empresas ou entidades.

BASE 5: ADMISIÓN DOS ASPIRANTES

Esgotado o prazo de admisión das solicitudes, procederase á comprobación da documentación presentada e, á elaboración dunha *listaxe provisional de aspirantes* na que se indicará tamén a relación das persoas excluídas e a causa da exclusión.

Esta listaxe expoñerase no taboleiro de anuncios da sede da ADR COMARCA DE LUGO, así como nas páxinas web da ADR COMARCA DE LUGO e de AGADER.

Así mesmo, comunicarase a todos os aspirantes a través de correo electrónico á dirección designada por cada aspirante na solicitude.

Prazo para corrección de erros

No caso de que o motivo da súa exclusión fora emendable, os aspirantes excluídos poderán presentar a documentación complementaria relativa á corrección, na sede da ADR COMARCA DE LUGO, no prazo de 3 días naturais contados desde o seguinte ao da publicación da listaxe provisional de aspirantes, a fin de poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivase a exclusión.

Transcorrido dito prazo procederase á confección dunha *Listaxe Definitiva* coa relación dos aspirantes admitidos, que irá asinada pola Presidencia e o/a Secretario/a da Comisión

de Selección e será exposta, a efectos de publicidade, no taboleiro de anuncios da sede da ADR COMARCA DE LUGO, na súa páxina web, así como na páxina web de AGADER.

Coa publicación da Listaxe Definitiva indicarase a data e lugar de realización da proba escrita, que non será antes do transcurso de 24 horas desde dita publicación.

BASE 6: PROCESO DE SELECCIÓN.-

FASE 1. PROBA ESCRITA 55% da puntuación total (máx. 55 puntos).

Os/as candidatos/as admitidos/as realizarán unha proba escrita que versará sobre materias de desenvolvemento e o PDR de Galicia 2014-2020, normativa de subvencións e territorio de actuación do GDR, que se valorará cun máximo de 55 puntos. Para iso establecése como guía o Temario recollido no ANEXO IV destas bases.

A proba escrita será elaborada pola Comisión de Selección, para o que poderá realizar cantas consultas foran necesarias a AGADER.

A proba constará de 55 preguntas cortas tipo test, con tres respuestas posibles das cales soamente unha será válida. Por cada pregunta contestada correctamente, outorgarase un punto, e cada dúas respuestas incorrectas restarán un punto.

Esta proba terá carácter eliminatorio, sendo preciso para superala alcanzar un mínimo de 33 puntos. De non chegar ningún aspirante a esa puntuación, pasarán á seguinte fase as catro persoas que obtiveran maior puntuación, podendo ser máis de catro no caso de empate na puntuación acadada.

O tempo para a realización do test, será de una hora y media (90 minutos).

Unha vez corrixidos os test, serán publicadas as plantillas de correccións e as puntuacións obtidas polos participantes, así como a data de inicio da fase de entrevista, o calendario e orde de convocatoria dos aspirantes que houbesen superado esta fase.

Dita información será publicada no taboleiro de anuncios da sede da ADR COMARCA DE LUGO, así como nas páxinas web da ADR COMARCA DE LUGO e de AGADER.

En caso de que algún candidato quixera impugnar algunha das preguntas do test, por considerar incorrecta a resposta establecida pola Comisión como válida ou por a incorrecta ou errónea formulación da pregunta, poderá expor alegacións ante a Comisión de Selección no prazo de 3 días naturais desde a publicación das respuestas e listado de puntuacións dos aspirantes.

En caso de que revisada a impugnación o candidato alcance os 40 puntos establecidos como puntuación mínima ou de que alcance unha das catro maiores puntuacións,

engadirase a lista de persoas seleccionadas para a entrevista persoal; o que será publicado a todos os efectos nos medios sinalados anteriormente.

FASE 2. ENTREVISTA PERSOAL..... 25% puntuación total (máx. 25 puntos).

Os aspirantes que pola puntuación obtida houberan superado a Fase anterior, pasarán a realizar unha entrevista persoal coa Comisión de Selección, que durará entre 15-20 minutos por candidato, que versará sobre o currículo vitae e aptitudes relacionadas co posto a desempeñar. A tales efectos, os membros da Comisión disporán dunha copia do currículo do candidato a entrevistar.

Na entrevista, a Comisión afondará no perfil do candidato, valorando a súa idoneidade para o desempeño das funcións do posto a cubrir, podendo realizar preguntas de tipo técnico ou práctico ao aspirante, a fin de encontrar o candidato que máis se axuste ás características definidas na oferta.

A entrevista persoal suporá un 25 % da cualificación final no proceso, para ese efecto, os membros da Comisión de Selección puntuarán a entrevista do candidato cun baremo na puntuación de 1 a 25 puntos.

A efectos de constancia e comprobación, o/a secretario/a da Comisión co visto e prace do/a Presidente/a, levantarán acta dando fe das votacións efectuadas e puntuacións outorgadas a todos os candidatos para cada posto.

Finalizadas as entrevistas de todos os candidatos para cada un dos postos ofertados, publicarase un listado coas puntuacións obtidas no taboleiro de anuncios da sede da ADR COMARCA DE LUGO, así como nas páxinas web da ADR COMARCA DE LGUO e da AGADER.

FASE 3. VALORACIÓN DOS MÉRITOS ACREDITADOS. 20% puntuación total (máx. 20 puntos).

Finalizada a fase de entrevista, a Comisión de Selección procederá á comprobación dos currículo vitae, así como á verificación dos documentos acreditativos dos méritos acreditados, e en virtude de elo, procederá á valoración dos méritos, segundo os criterios establecidos no presente apartado.

O baremo aplicable á valoración dos méritos supoñerá un 20 % da cualificación final no proceso.

Os méritos puntuaranse de 1 a 20 puntos, segundo os baremos que, a continuación, se establecen tanto para a formación como para a experiencia acreditada.

**1. MÉRITOS A PUNTUAR PARA O ACCESO AO POSTO DE “TÉCNICO/A”.
Puntuación máxima 20 puntos.**

A) Formación especializada

Poderá obterse unha puntuación máxima de ata 15 PUNTOS, atendendo a estes baremos:

- Titulación universitaria superior á mínima requirida (licenciatura ou grado) 3 PUNTOS. No caso de ter máis dunha licenciatura, só se computará unha.
- Se a titulación universitaria, estivese especificamente vinculada a coñecementos relacionados cos recursos humanos, relacións laborais (*Grado en Dereito, Relacións Laborais*) 3 PUNTOS ADICIONAIS
- Estudios de Terceiro Ciclo, Postgrado ou Máster referidos específicamente ao desenvolvemento rural e/ou á xestión de proxectos europeos 3 PUNTOS. No caso de ter máis de un, só se computará un.
- Formación complementaria en relacionada con coñecemento do medio rural, xestión de persoas, e políticas agrarias 3 PUNTOS/ cada 200 horas acreditadas (ata un máximo de 3 PUNTOS).
- Coñecemento de idiomas:
 - Galego: Curso de perfeccionamento ou estar en posesión dos títulos de bacharelato ou COU sen estar exento da materia de lingua galega nun centro público da Comunidade Autónoma Galega, ou CELGA 4 2 PUNTOS
 - Certificado acreditativo de coñecementos de idioma estranxeiro (inglés, francés, alemán,...) 1 PUNTO. Só se computará 1 idioma.

B) Experiencia Profesional

Poderá obterse unha puntuación máxima de ata 5 PUNTOS, atendendo a estes baremos:

1.- Experiencia no posto e funcións relacionadas coa xestión de programas de Desenvolvemento local participativo como LEADER, PRODER ou os desenvolvidos a través de grupos de acción local del sector pesqueiro (GALP); ou outros programas, proxectos e/ou servizos vinculados co desenvolvemento

rural, local ou de promoción socioeconómica do territorio, en programas europeos e/ou na xestión de axudas públicas vinculadas con fondos comunitarios, debidamente acreditada, polo órgano contratante e na que conste as funcións realmente realizadas .

- Experiencia acreditada igual ou maior a 5 anos..... 5 PUNTOS
- Experiencia acreditada igual a 4 anos 4 PUNTOS
- Experiencia acreditada igual a 3 anos 3 PUNTOS
- Experiencia acreditada igual a 2 anos 2 PUNTOS
- Experiencia acreditada igual a 1 ano.....1 PUNTOS

A partir da experiencia mínima dun ano, cada período de 6 meses, puntuarse con 1 PUNTO.

A puntuación máxima a acadar neste apartado non poderá superar os 5 PUNTOS.

(**) *Computaranse e puntuaranse unicamente meses traballados completos, non se computarán os períodos inferiores ao mes.*

(***) *Unha vez alcanzada a puntuación máxima establecida para cada categoría (15 puntos en experiencia, 10 en puntos formación) non se computarán ni serán tidos en conta o resto de méritos acreditados.*

FASE 4. PUBLICACIÓN DE RESULTADOS E DESIGNACIÓN DE POSTOS

Finalizada a baremación, a Comisión de Selección publicará o listado coas puntuacións outorgadas aos candidatos/as en virtude dos méritos acreditados.

Igualmente, na mesma data publicaranse as puntuacións obtidas polos candidatos/as en cada fase e as puntuacións FINAIS, que serán o resultado da suma de todas as puntuacións.

Os aspirantes, disporán de 3 días naturais a partir da súa publicación para presentar alegacións no caso de errores aritméticos, se ben non SE ADMITIRÁN nin será tida en conta a aportación de nova documentación que non obre no expediente inicial do candidato.

Transcorrido dito prazo, procederase á publicación no taboleiro de anuncios da sede da ADR COMARCA DE LUGO, así como nas páxinas web de ADR COMARCA DE LUGO e de AGADER do listado DEFINITIVO coas puntuacións finais e o desglose das obtidas en cada fase.

Aquel aspirante que obtivera a maior puntuación TOTAL neste proceso de selección, accederá directamente ao posto (TÉCNICO/A), sendo contratado/a no período máximo de 1 mes desde a publicación da listaxe de puntuacións finais.

As persoas seguintes, por orde de puntuación entrarán a formar parte dunha **LISTAXE DE AGARDA**, para o caso de que a persoa seleccionada en primeiro lugar, renuncie á praza ou non supere o período de proba.

Así mesmo, a Xunta Directiva da ADR COMARCA DE LUGO poderá acudir á listaxe de agarda, se considerase oportuno ou necesario, se xurdiran necesidades futuras para cubrir este posto (*baixa voluntaria, baixa temporal prolongada, ..*).

BASE 7: COMISIÓN DE SELECCIÓN

A Comisión de Selección constituirase da seguinte maneira:

- 1) PRESIDENTA DA COMISIÓN DE SELECCIÓN: JOSE ANGEL SANTOS SANCHEZ**, Presidente da ADR COMARCA DE LUGO, ou persoa na que delegue.
- 2) VOCAL: MARTIN ALEMPARTE VIDAL**, Xerente da GDR RIBEIRA SACRA COUREL, designando como suplente a Miguel Angel Basadre Vázquez , en representación da Asociación Ponte Cabalar de Guntín de Pallares.
- 3) VOCAL: LUIS IGLESIAS CARREIRA**, Presidente da Asociación de Empresarios do Polígono de Rábade, designando como suplente a Marcos Trashorras Reija, en representación do Concello de O Corgo.
- 4) VOCAL: DOMINGO LOJO CAAMAÑO**, Xerente do GDR Comarca de Ordenes, designando como suplente a María Jesus Alvarez Fole, en representación da Asociación de Mulleres Rurais de O Corgo.
- 5) SECRETARIO: JOSE PARDO LOMBAO**, Secretario da ADR Comarca de Lugo, designándose como suplente a dona María José Gómez Rodríguez, Tesorera da ADR Comarca de Lugo.

Esta Comisión quedará validamente constituída en cada unha das fases estando presentes cando menos, a metade máis un dos seus membros.

Así mesmo, poderá formar parte da Comisión, con voz, pero sen voto un representante de AGADER. O representante de AGADER poderá estar presente en calquera das fases do proceso.

O/a secretario/a da Comisión levantará acta en cada unha das fases do proceso, que firmará co visto e prace da Presidencia, coa finalidade de ter unha constancia escrita das mesmas.

BASE 8: ALEGACIÓNS, IMPUGNACIÓNS E INCIDENCIAS

A convocatoria deste proceso de selección, as súas bases e as fases do proceso de selección, poderán ser impugnadas polos interesados nos prazos establecidos a través de recurso ou alegacións á Comisión de Selección mediante escritos presentados na sede da ADR COMARCA DE LUGO, sita en Rúa Deputación 14- 27220 Friol- Lugo (en horario de 9:00 a 14:00, de luns a venres).

Tamén poderán ser presentadas a través do seu envío por correo postal certificado e con acuse de recibo dirixida á atención da Comisión de Selección da ADR COMARCA DE LUGO, e identificando ALEGACIÓNS ao Proceso de Selección. En tal caso, será necesario que as alegacións presentadas por correo postal se remitan tamén ao efecto, ao mail de info@comarcadelugo.gal o **mesmo día da súa presentación, xunto co resgado selado da data de imposición do envío na Oficina de Correos.**

A Comisión de Selección queda facultada para resolver cantas incidencias se presenten no desenvolvemento do proceso de selección e hasta a proposta de contratación, así como de resolver o convinte para a boa orde do proceso selectivo.

ANEXO I

Modelo “INSTANCIA SOLICITUDE”

D/Dna. _____, co DNI núm. _____, e enderezo en _____, CP _____, C/Pl/ Avda _____, nº _____, con Tfno. _____, e enderezo de correo electrónico a efectos de comunicacóns _____, en virtude da convocatoria para a contratación de persoal para a Medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020 por parte da ADR COMARCA DE LUGO

EXPÓN:

1º Que tivo coñecemento mediante o anuncio publicado en, de data .. de, da convocatoria realizada pola ADR COMARCA DE LUGO, para a contratación de persoal para cubrir un posto de traballo de TÉCNICO/A para o desenvolvemento e execución da Medida LEADER do PDR de Galicia 2014-2020, e está interesado/a en participar no proceso de selección.

2º Que coñece e acepta as Bases do proceso de Selección para a contratación de persoal para a execución do Programa LEADER pola ADR COMARCA DE LUGO.

3º Que reúne os requisitos mínimos establecidos na convocatoria, en concreto, na Base 2.

4º Que xunta a presente instancia a documentación que se indica na folla anexa.

SOLICITA Que se teña por presentada a presente instancia xunto cos documentos que a acompañan e se admita ao obxecto de PARTICIPAR NO PROCESO E PROBAS DE SELECCIÓN convocadas para cubrir un posto de TÉCNICO/A para a xestión da Medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020 da ADR COMARCA DE LUGO.

En _____, a _____ de _____ de 2021

Sinatura e nome do solicitante _____

A PRESIDENTA DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DE PERSOAL DA ASOCIACION PARA EL DESARROLLO RURAL COMARCA DE LUGO
Rúa Diputación 14-27220 Friol- Lugo.

FOLLA ANEXA Á INSTANCIA-SOLICITUDE

DOCUMENTACION QUE SE PRESENTA:

- Copia simple de DNI
- Copia simple de permiso conducir B1
- Copia simple da titulación requerida
- Currículo onde o aspirante relacione os seus méritos
- Copia simple dos xustificantes dos méritos alegados
- Copia simple do informe de vida laboral
- Contrato/s de Traballo
- Certificado/s de empresa
- Certificado acreditativo de estancias no estranxeiro
- Certificado oficial acreditativo do coñecemento da lingua galega
- Copia Simple de título/s acreditativos do coñecemento de idiomas
- Declaración de non estar incurso en causas de incompatibilidade e de non desempeñar cargos electos na ADR COMARCA DE LUGO (segundo ANEXOS)
- Declaración expresa da dispoñibilidade (segundo ANEXOS)
- Declaración de non padecer enfermidade ou secuela física que impida o desempeño das súas funcións (segundo ANEXOS)
- Outros

.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....

*** A efectos comprobatorios, poderá requirirse a documentación orixinal para a súa compulsa antes da contratación.*

*** Non se valorarán os méritos non acreditados convenientemente.*

*** Os aspirantes con algunha capacidade diminuída terán que indicalo na solicitude. Así mesmo, deberán solicitar as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización dos exercicios nos que esta adaptación sexa necesaria.*

ANEXO II

DECLARACIÓN DE NON ESTAR AFECTADO DE INCOMPATIBILIDADE

Apelidos

Nome

NIF/NIE

O abaixo asinante, aos efectos previstos na Convocatoria e Bases do proceso de Selección para a contratación de persoal pola ADR COMARCA DE LUGO para a execución da Medida Leader do PDR de Galicia 2014- 2020, declara que non ven desenvolvendo ningún posto ou actividade noSector Público, nin realiza actividades privadas incompatibles ou que requiran coñecemento de compatibilidade co posto de TÉCNICO/A ao que opta ao participar neste proceso, nin percibe pensión por dereitos pasivos ou por calquera réxime da Seguridade Social (público e obligatorio).

Así mesmo, declara baixo a súa responsabilidade que non desempeña cargo algún nos órganos de decisión da Asociación para o desarrollo rural da Comarca de Lugo.

En _____, a _____ de _____ de 2021

Sinatura do solicitante _____

ANEXO III

Modelo “DECLARACION XURADA”

D/Dna. _____, co DNI núm. _____
_____ e endereço en _____, CP _____,
C/_____, nº ____ Tfn. _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

1. Que non desempeña ningún cargo electo nos órganos da ADR COMARCA DE LUGO nin en ningún GDR de Galicia.
2. Que non padece enfermidade ou secuela física alguma que lle impida o desempeño das funcións correspondentes ao posto ao que aspira.
3. Que dispón de vehículo propio e que presenta dispoñibilidade para desprazarse polo territorio de actuación da ADR COMARCA DE LUGO, a fin de velar polo óptimo desenvolvemento e execución da Medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020.

O que declara aos efectos da súa solicitude de participación no proceso de selección do posto de TÉCNICO/A para a execución da Medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020 da ADR COMARCA DE LUGO

En _____, a _____ de _____ de 2021

Sinatura do solicitante _____

ANEXO IV

TEMARIOS PARA AS PROBAS DE SELECCIÓN GDR-04 LEADER 2014-2020

TÉCNICO/A

1. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER).
2. O Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020: LEADER Decisión da Comisión Europea C (2015) 8144, de 18 de novembro.
3. Evolución e xestión do desenvolvemento rural en Galicia.
4. A metodoloxía LEADER: Principios, obxectivos, ferramentas.
5. Bases reguladoras para a selección de estratexias de desenvolvemento local, para a selección e recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia e para a concesión da axudapreparatoria, cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.
6. RESOLUCIÓN do 13 de decembro de 2019 pola que se publica o Acordo do 13 de decembro de 2019 polo que se aproban as bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida Leader (submedidas 19.2 e 19.4), cofinanciadas con Feader no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR)
7. O GDR-04 Asociación para o Desarrollo Rural Comarca de Lugo.
8. O ámbito territorial do GDR-04: historia, poboación, estrutura socio-económica, patrimonio, turismo, cultural, patrimonio natural, infraestructuras, recursos naturais
9. A lei 9/2007 de subvencións de Galicia.
10. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
11. Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.
12. Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
13. Plan Xeral Contable
14. Ley 9/2021 de simplificación administrativa e de apoio a reactivación económica de Galicia.
15. Ley 9/2013 de emprendemento de Galicia.
16. Ley 21/2013 de Evaluación Ambiental.
17. A empresa: formas xurídicas e contratación